

# Feira do LIBRO de Soutomaior

23-28 de abril 2024



MÁS INFORMACIÓN:



**SOUTOIAIOR**  
O CONCELLO QUE QUEREMOS

## PROGRAMA 2024

23/abril . Biblioteca Luís Seoane

27/abril. Talo Río de 10.00 h. - 21.00 h.

28/abril. Talo Río de 11.00 h. - 14.30 h. e no  
Barrio do Val Sobral de 17.00 h. - 20.00 h.

# ESPAZOS

## ESPAZO EDITORIAIS

Belagua



Editorial Edimaes



cuarto de invierno



HÉRCULES DE EDICIONES



patasdepeixe



Boadicea  
editora

## ESPAZO LECTOR

Charlas - coloquios, presentacións de libros.

## ESPAZO ENREDA

Xogos e actividades de dinamización da Feira.

## ESPAZO ESCENARIO

Espectáculos.

## ESPAZO ARTÍSTICO '00'

Estar, ser e sentir desde creatividade, diversidade, pluralidade, responsabilidade, receptividade e compromiso para visibilizar os diferente.

## ESPAZO a túa biblioteca!


Biblioteca Municipal 'Luís Seoane'

Le. Descansa. Comparte. Conversa. Asóciate.



SOUTOMAIOR  
O CONCELLO INCLUSIVO QUE QUEREMOS

# INAUGURACIÓN



**MARTES 23 DE ABRIL**

20.30H. – 21.30H.

Público xuvenil – adulto.

Biblioteca Municipal Luís Seoane.

De balde. Ata completar aforo.

## Espectáculo 'Memorias dun neno labrego'

Un espectáculo que combina a música, a narración oral e que se apoia nun coidado traballo de videocreación cunha elaborada iluminación que debuxa unha suxestiva escenografía das emocións.

Cándido Pazó (autor, actor, director e monoloxista).

Feira  
do  
**LIBRO**  
de Soutomaior

# SÁBADO 27 DE ABRIL

## TALO RÍO

10.00 h. – 14.00 h. / 16:00 h. – 20.00 h.

Atención e venda.

Público xeral.

### ESPAZO EDITORIAIS

ANTELA

PATAS DE PEIXE

EDIMAES

HÉRCULES EDITORA

BOADICEA EDITORA

CUARTO DE INVERNO

BELAGUA EDICIONES

10.00 h. – 20.00 h

Recuncho permanente para bebés de 0-3 anos

### BEBETECA

## Obradoiro “Lendo cos sentidos”

DE MAÑÁ:

Pase 1: 11.15h

Pase 2: 11.30h

Pase 3: 11.45h

Pase 4: 12.00h

DE TARDE:

Pase 5: 16.15h

Pase 6: 16.30h

Pase 7: 16.45h

Pase 8: 17.00h

Pase 9: 18.00h

Pase 10: 18.15h

Feira  
do  
**LIBRO**  
de Soutomaior

• 10.00h – 10.30h. **ESPAZO ESCENARIO**

Público xeral.

De balde. Ata competir o aforo.

## Espectáculo 'Libros voadores'

Intervención de Dani Blanco cun show que abrirá a Feira para dar vida aos libros de xeito inesperado.

Dani Blanco, Bufón e paiaso (Asircópatas).

• 10.30h – 18.30h. **PETIT FURGO**

Grupos reducidos (1pase/5 persoas/15minutos).

Inscripcións previas no posto de información xeral da Feira.

De Balde. Ata completar aforo.

Nun espazo minúsculo e misterioso descubrirás grandes historias que te levarán a mundos máxicos.

Xograr anónimo.

### DE MAÑÁ:

Pase 1: 11.00 h.

Pase 2: 11.30 h.

Pase 3: 12.00 h.

Pase 4: 12.30 h.

### DE TARDE:

Pase 5: 16.30 h.

Pase 6: 17.00 h.

Pase 7: 17.30 h.

Pase 8: 18.00 h.

Pase 9: 18.30 h.

Feira  
do  
**LIBRO**  
de Soutomaior

10.30h – 11.30h. **ESPAZO ESCENARIO**

Público familiar.

De balde. Ata completar o aforo.

## Espectáculo 'A librería máxica'

Unha divertida peza teatral que rende homenaxe ao pequeno comercio, ás tendas de barrio, e que achega aos nenos e nenas o amor pola literatura e a lingua galega.

Bea Campos e Marcos Alonso (Inventi teatro).

11.00h – 18.00h. **ESPAZO A TÚA BIBLIOTECA**

Público familiar.

De balde. Ata completar o aforo.

## Actividade 'Tendal narrativo'

Dá vida á Biblioteca "in progress". Escolle unha portada e fai historia...

11.00h – 18.00h. **ESPAZO ENREDA**

Público xeral - familiar.

De balde.

Actividades permanentes. Pregunta no posto de información xeral da Feira.

## Actividade 'O mapa do tesouro'

Recolle o teu mapa, guíate para atopas as personaxes agochadas e faite co tesouro.

## Actividade 'Pasaporte lector'

Recolle o teu pasaporte no posto de información xeral e personalízao.

Monitorado da Feira.

Feira  
do  
**LIBRO**  
de Soutomaior

11.30h – 12.15h. **ESPAZO LECTOR**

Público xuvenil-adulto.

De balde. Ata completar o aforo.

## Presentación do libro 'Dakota'

Masha Álvarez corta as fronteiras políticas e familiares que, como pastores eléctricos, convidan a non pasar. E ela pasa.

Premio Victoriano Taibo 2023.

Álvarez, Masha (autora) Editorial Galaxia.

Colaboración especial de Celso Sanmartín 'Celsiño'.

11.30h. – 12.30h. **ESPAZO ARTÍSTICO '00'**

Público infantil -xuvenil.

De balde. Ata completar o aforo.

## Obradoiro 'As mil caras'

Confección de caretas e máscaras teatrais feitas con material de banda deseñada e outros libros.

Elena Rama Suárez (artista).

12.30h. – 13.15h. **ESPAZO LECTOR**

Público xuvenil - adulto.

De balde. Ata completar o aforo.

## Charla - coloquio 'Mulleres galegas que fan historia'

Biografías arredor de 52 mulleres galegas, científicas e artistas, recompiladas nos libros 'Galegas na Ciencia' e 'Galegas nas artes'.

Isabel Blanco, escritora e avogada.

Feira  
do  
**LIBRO**  
de Soutomaior

• 13.30h. – 14.30h. **ESPAZO ESCENARIO**

Público familiar.

De balde. Ata completar o aforo.

## Espectáculo 'Travesías. Aventuras de libro'

Agardan por nós viaxes cheas de aventuras nas que coñeceremos a bravas que loitaron contra os prexuízos para conseguir os seus soños.

Raquel Queizás, actriz, monicrequeira, filóloga e contadora de historias.

• 16.00 h. – 16.30h. **ESPAZO ENREDA**

Público 6 – 12 anos.

De balde. Ata completar o aforo.

## Cita a cegas cun libro

Na actividade atoparás libros envoltos cunha etiqueta colgada cunha pista sobre o libro: xénero, autoría, unha opinión, unha frase do libro, algunha información sobre o marco do relato ou a temática... Nun contexto de intriga, misterio e desexo terás que descubrir de que se trata.

Monitorado da Feira.

• 16.30 h. – 17.15h. **ESPAZO LECTOR**

Público xuvenil – adulto.

De balde. Ata completar o aforo.

## Presentación banda deseñada 'Cando sopra o vento'

Unha obra que debería ser de obrigada lectura para entender o absurdo das guerras e de como nos poden chegar a afectar a calquera de nós; co obxectivo de remover as consciencias antibélicas nestes tempos convulsos que, por desgraza, estamos voltando a vivir.

Kiko Dasilva.



• 16.00 h. – 16.30h. **ESPAZO ENREDA**

Público xuvenil e adulto.

De balde. Ata completar o aforo.

## Cita a cegas cun libro

Atoparás libros envoltos cunha etiqueta colgada e un adhesivo ou nota na que atoparás algunha pista sobre o libro, sen desvelar demasiada información: xénero, autoría, unha opinión, unha frase do libro, algunha información sobre o marco do relato ou a temática...O importante é crear intriga, misterio, desexo polo libro obxecto.

Monitorado da Feira.

• 17.30 h. – 18.15h. **ESPAZO LECTOR**

Público infantil e familiar.

De balde. Ata completar o aforo.

## Presentación 'Pedro, o piloto de gaivotas' + Obradoiro de ilustración inclusivo.

Deste libro inclusivo coñecerás a Pedro, un neno con diversidade funcional ao que lle encanta ver mundo, e por iso se fixo piloto de gaivotas. Todas as mañás, unha gaivota vén á súa casa para levalo de viaxe.

Manuel Darriba (escritor) e Aida Alonso (ilustradora).

• 18.30 h. – 19.30h. **ESPAZO LECTOR**

Público familiar.

De balde. Ata completar o aforo.

## Presentación 'Universo Bolechas' + Obradoiro de ilustración.

Unha actividade onde o humorista gráfico, debuxante, guionista de banda deseñada contaranos moitas curiosidades sobre estas maravillosas personaxes.

Pepe Carreiro, humorista gráfico, ilustrador e escritor.

19.30 h – 20.10 h. **ESPAZO LECTOR**

Público xuvenil – adulto.

De balde. Ata completar o aforo.

## Presentación da novela gráfica

### ‘Memorias dun neno labrego’

Esta obra que forma parte da nosa narrativa contemporánea preséntase, por vez primeira, nunha adaptación gráfica. A autora, con mestría e sensibilidade, pon en imaxes ese mundo que Balbino contempla ao seu redor cos ollos moi abertos e que adocece por entender, pois, como el afirma, vimos ao mundo cunha alforxa de preguntas.

Iria Aldegunde (autora) Editorial Galaxia.

20.15 h – 20.30 h. **ESPAZO ESCENARIO**

Público familiar.

## SORTEO

20.30 h – 21.30 h. **ESPAZO ESCENARIO**

Público infantil – familiar.

De balde. Ata completar o aforo.

## Espectáculo ‘As máis molonas de Pakolas’

O autor, compositor, músico – guitarreiro e tamén produtor de música trae a Soutomaior o seus grandes ‘hits’.

Paco Pakolas.

Feira  
do  
**LIBRO**  
de Soutomaior

# DOMINGO 28 DE ABRIL

## DE MAÑÁ – TALO RÍO

11.00 h – 11.35 h. **ESPAZO LECTOR**

Público xeral.

De balde. Ata completar o aforo.

### Tralos valos, petiscos e contos.

Público xeral.

Deixarnos levar pola diversidade cultural a través dos contos e dos reencontros degustando os maravillosos doces marroquís e o seu té.

Asociación cultural marroquí (Arcade).

Cesión de libros: A cova dos libros (Salón do libro, Pontevedra).

12.00 h – 13.00 h. **ESPAZO LECTOR**

Público xeral.

De balde. Ata completar o aforo.

### Charla – coloquio ‘Atlas lingüístico. Nas marxes’

A lingua galega como detonante dun debate que xurdirá da presentación destas dúas grandes obras.

Ao sur da liberdade onde o catedrático Xosé-Henrique Costas dá pé a un relato que, en forma de novela, debuxa un panorama do medievo peninsular que desafia os tópicos da historiografía.

O Dicionario do Galego do Bierzo, de Sara Rodríguez, recompila o léxico que tantas persoas empregaron, e empregan sen moitas veces ser conscientes, ao longo da súa vida.

Participan:

. Xosé – Henrique Costas González. Autor do libro Ao sur da Liberdade

. Sara Rodríguez Fernández. Tradutora e escritora berciana en lingua galega. Autora do primeiro Dicionario galego do Bierzo.

13.15 h – 14.15 h. **ESPAZO ESCENARIO**

Público xeral.

De balde. Ata completar o aforo.

## Sesión vermú 'Covers Lovers'

Con Lucía Lugrís e Rubén Aranza gozaremos da música en acústico que versiona os grandes temas dos 80 ata hoxe.

# DOMINGO 28 DE ABRIL

## DE TARDE – CASA DO POBO DO VAL SOBRAL

17.00 h – 20.00 h.

Público xeral – familiar.


De balde. Ata completar o aforo.

## Libros que viaxan

Contacontos, obradoiros e xogos con Bibliofoogar.

Sorteo de libros coas rifas conseguidas durante o sábado 27 na Feira.

Monitorado da Feira.



Feira  
do  
**LIBRO**  
de Soutomaior

Feira  
do  
**LIBRO**  
de Soutomaior



Feira  
do  
LIBRO  
de Soutomaior  
23-28  
de abril  
2024

#Feira DoLibroDeSoutomaior